

# AL AVEIRO D'UN TRABATEL



*Úa escoyeta de poesía contemporánea  
en gallego-asturiano*



SEMANA DAS LLETRES ASTURIANAS 2021




AL AVEIRO  
D'UN TRABATEL



# AL AVEIRO D'UN TRABATEL



*Úa escoyeta de poesía contemporánea  
en gallego-asturiano*



GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS



Esta obra, editada pra festexar el *Día del Llibro Asturiano* (7 de mayo del 2021), é de distribución gratuita.

Nun ta permitida a súa venta.

**© Dos textos:** os sos autores

**Edita:** Goberno del Principao d'Asturias :: Consexeiría de Cultura, Política Lingüística y Turismo

**Xestión editorial:** Ediciones Trabe / [www.trabe.org](http://www.trabe.org)

**Diseño y maquetación:** Ediciones Trabe

**Ilustraciós:** Angélica Chamorro

**Feito en Asturias**

**Depósito Ilegal:** As-00290-2021

## AL AVEIRO D'UN TRABATEL

**A**sina se titulaban, alló nel 2008, as palabras qu'abrían el primeiro número de *Trabatel. Revista eonaviega de lliteratura*: al aveiro d'un trabatel. Anque el trabatel sía un augüeiro estretín de llouzas ben modesto, a metáfora del aveiro, del sito onde guardarse, amostraba a voluntá cua que botaba a andar aquella publicación. Querfase, debaxo d'él, abrir úa ventá onde'l público llector se puidera asomar «a os carpinteiros que trabayan a palabra, esos homes y mujeres qu'anecían en erguer, pedra a pedra, úa lliterratura en gallego-asturiano», dicíase na introducción á revista.

D'entonciás pr'acó, ese edificio –erguido cuas maos de más y más xente– sigue en pé ofrecendo un sito onde fer úa pousa nel camín pra conocer el que s'escribe, pra emocionarse, pra disfrutar cuas nosas lletras, tanto dá en verso qu'en prosa.

*Trabatel*, ademáis d'acoyer a os autores y autoras que xa tían úa trayectoria detrás, aveirou tamén as voces novas, porque esa foi sempre a súa vocación. Agora, condo a revista xa anduvo más d'úna década, pintou un bon momento pra botar a vista atrás y amostrar a vitalidá da creación en gallego-asturiano publicando úa antoloxía del que nella s'escribíu. Escoyéuse a poesía, así que, d'entre todos os poemas qu'apareceron en *Trabatel* hasta hoi, recóyese ún de cada escritor ou escritora que colaborou nas súas páxinas.


Na escoyeta poden atoparse primeiros pasos de poetas mui novos daquella, versos d'autores veteranos qu'empezaron a fer galaníos nel xénero, camíos abertos que nun chegaron a verse en libro y tamén adelantos del que despóns foron poemarios en volume. Evidentemente, nun tán todos os nomes –de seguro qu'a esta llista de creadores y creadoras han a sumarse más d'aquí a pouco–, pro tamos na fe de qu'é úa búa panorámica da poesía contemporánea que se fai en gallego-asturiano.

Este mañuzo de versos escoyídos quer ser un ofrecemento a saboriar el zume das palabras escritas na llingua que falamos nel estremo occidental asturiano. É úa poesía con úa estética y us temas tan variaos como os de cualquera outra lliterratura del noso contexto cultural, así que namáis falta que se conoza. Con esa voluntá naceron estas páxinas.



# MANUEL GARCÍA-GALANO

A Roda, Tapia (1922-2016)



## EMPANTAINADO

**C**ondo vin que chegaba a primavera  
que trouxo el sol, as foyas verdes  
y os días llargos,  
quixen eu compoñer úa melodía.

Pechéi os oyos y vin cómo cayán,  
desprendidas del cielo,  
un feixe de notas qu'engalaban  
esperando a mao que las piyase  
y las fose poñendo nel sou sito.

Corcheas, semicorcheas,  
redondas, brancas, negras,  
pentagramas, bemoles, sostenidos...  
¡Teño todo!, me dixen, y depresa  
apriquéime al llabor, mui agayado,  
pensando que cuaquellas ferramentas  
iba ser quén a fer algo non visto.

Chaméi á inspiración, chaméi ás musas.  
¡Axudáime!, ¡axudáime!, yes berréi,  
¡axudáime a salir d'este pantaino!  
Nun me fixeron caso;  
burlláronse de min y, non contentas,  
tiráronme outro feixe de palabras,  
abondas pra fer este poema.

Y tampouco fun quén a darye xeito.

*Trabatel 6 (2015)*



LUISA  
MÉNDEZ  
FERNÁNDEZ

Valdepares, El Franco (1938)



## DENDE LLONXE

Dende llonxe un aire suave  
aniaba na túa mirada,  
unde s'enreda el silencio,  
unde se balancían os suspiros  
que nacen del fondo del alma.

Dende non tan llonxe  
chegan ventos de guerra,  
de frío, de fame.  
Deixas el tayolo na terra,  
abondo llonxe del camín morto,  
antias de que t'atopen as balas.

*Trabatel 6 (2015)*



ALFREDO  
ÁLVAREZ  
DE PONTICELLA

Ponticella, Villayón (1948)

---

*Al son das zalanceiras* (Xeira, 2003)



## DEIXÁI QUE SE SINTAN


Nin llamorgas nin poceiras;  
si regueiros, augüeiros, sangradeiros.  
¡Que corran xa as palabras  
a bon son col vento y el augua!  
Saquémolas dos llares, dos pouzos;  
que medren netamente  
en todos os andares.  
Nun vamos lleiriar  
por cuatro lletras, us finxos  
nin úa raya se xa temos abondo  
col respigo de ser, col asoro  
de ser verbo cada día.  
Porque xa foron nun empezo  
el Berro y a Palabra, deixái  
que se sintan de pedra en pena,  
de valle en crume,  
que son todas de noso.  
A mozquellos ou tatecas  
ou espidas de llaceria,  
que volvan ser barruzo,  
gorbizo y grao y vento.

*Trabatel 10 (2019)*



MARÍA TERESA  
LÓPEZ GARCÍA

Bual (1950)



## PROMESAS


Como a noite  
que nos lleva  
por paraxes esquecidos  
y relluman na memoria  
outros tempos xa vividos.  
Como esa noite zarrada  
que xa quedou nel olvido,  
unde nos dixemos cousas  
que se foron derretindo  
como esa neve branca  
que se nos foi  
entre os didos.

*Trabatel 8 (2017)*



BABEL  
DE CAL  
CADETE

Ortigueira, Cuaña (1955)



## AUGUA

Solo.

Chove a concadas.

Dende a ventá vexo el mar.

Goteiras y resaca,

auga dulce y augua salada.

Choro,

choro por muito y por nada.

Arréchame el augua dos oyos,  
enhumázaseme el alma.

Recordos,

recordo tempos de calma chicha,  
pero tamén de vagas de mar.

Nortada.

Navego y volvo a chorar.

Sin lluces, al debalo.

Nun vexo outra cousa qu'andainas.

Agora sinto a daquéń,

pero nun escampa del todo.

Barruza.

Marexadía.

Sigo tando solo,

mui solo,

anagao nas penas del augua.

*Trabatel 9 (2018)*



# BELÉN RICO PRIETO

A Veiga (1959)

---

*Algunhas maos* (Trabe, 2012)  
*Algún son... tres* (Patanegra, 2017)



## SALA DEL SILENCIO, SALA DA PACENCIA, PACENCIA INFINITA: LUZ

*A José M. Legazpi Gayol, na súa Luz,  
nel seu maxisterio, nas súas salas,  
ángulos e curvaturas,  
na súa humanidá.*

**N**ada que decir,  
Silencio.

Silencio absoluto  
na nocturnidá escura d'unha casa  
coas súas portas abertas.

Silencio total  
entre a cháchara  
de bares e terrazas,  
Silencio mortal  
nel alma mía, revolta  
de recordos y algún mal soño.

Un Silencio qu'estoupa  
y escacha os tímpanos  
de toda a mía humanidá  
calada.

¡Espera, Pacencia!,  
soségate, serénate,  
que van volver as escuras andolías,  
que cuando chova  
vanse limpiar todas as estancias,

e  
A Pacencia Infinita  
vai entrar na túa sala  
con ampolas d'ausencias,

e  
al fin vas durmir  
el soño dos xustos,  
chea de Luz,  
viva.

Si. len. cio, Pacencia.  
Pacencia In.fi.ni.ta:  
Luz.

*Trabatel 10 (2019)*

AURORA  
BERMÚDEZ  
NAVA

A Caridá, El Franco (1965)

---

*Col corazón na boca* (Secretaría Llingüística  
del Navia-Eo, ALLA, 2019)



## LLIBERACIÓN

Tu dices que la ques  
que chuchas el tarrén  
pol qu'ella pisa,  
que tas disposto a darye  
a vida entera,  
que sempre buscas  
pra ella lo miyor.  
Ella sinte que nun é  
máis qu'el espeyo  
da vida que tu ques,  
dos soños que tu teis,  
un froreiro qu'adorna  
el tou salón  
y nun ten vida más alló  
da que tu, embelligo del mundo,  
teñas a ben prestarye.  
Nun pode más...  
Fai tempo que s'afoga,  
que la afoga el tou amor pluscuamperfeuto,  
ese que nun ye deixa decidir,  
nin pensar, nin querer,  
nin escoyer siquera a roupa del roupeiro  
y a xente cua que pode botar un parzamique.  
Y por eso se vei,  
porque nun quer  
que de tanto querella  
pouco a pouco la mates,  
nun quer morrer d'incomprensión,  
de soledá contigo,  
hasta de medo,

morrer col alma seca  
pensando que nun foi máis qu'un froreiro...  
Tu mintes condo dices que la ques,  
seguramente nun la quixiche nunca,  
ella dice a verdá: xa nun te quer  
y antias de nun quererse a ella tampouco  
vei deixarche un furaco nel salón.  
Pol ben de todos nun lo enchas outra vez,  
nun busques más froreiros, que nun sabes  
lo qu'é tratar con frores.

*Trabatel 8 (2017)*

XOSÉ MIGUEL  
SUÁREZ  
FERNÁNDEZ

Mántaras, Tapia (1965)

---

*Bidureiras d'inverno* (Ámbitu, 1990)  
*Nas arribadas* (Xeira, 1994)  
*Augua mansa* (Trabe, 2009)



## AUGUA MANSA

*A Jesús Fernández Pérez (1903-1936)*

**D**ayundes,  
na veira d'úa parede,  
como cai el augua mansa,  
el tou corpo novo féxose terra dulce  
debaxo das aguyas dos pinos  
y dos fusiles.  
El medo y el dolor  
fixeron medrar arteiras,  
espías duras qu'aburaron ben tempo nos corazóis.  
Pro el sol seguíu verquendo días nos carreiros  
y el mar chegou ás playas  
cua precisión das gárcias  
que volven sempre col inverno.

Teis que saber qu'eu soi agora  
el último puñao d'herba  
qu'as túas maos de carpinteiro  
agarraron aquella noite fría d'autono  
como quen se prende  
al último vafo da vida.  
Y, como augua mansa,  
el tou medo,  
el tou dolor,  
súmese nel regueiro d'estas lletras.

Por eso pido  
agua mansa pra os oyos rotos polas llágrimas,  
agua mansa pras almas asollagadas pola pena,  
agua mansa pras bocas roucas de tanto berro enxordecido,

auga mansa pra os días que restan.

Consólate cos de tou.

As mías palabras

—torpes, probes palabras—  
queren ser a túa xusticia.

*Trabatel I (2008)*

# FREDO DE CARBEXE

Carbexe, El Franco (1967)

---

*Mourén dos fondales* (Xeira, 1996)

*Soños de pellegrín* (Andolía, 2006)

*Fruxes da nebra* (Andolía, 2007)



## A LLUZ NEL BARRUZO

El augua acerna  
os caborcos  
das cachopas,  
na tarde choría.

A brisa  
debuya nas foyas  
da pétiga da corripa  
cua prestía  
dos restellos.

A lluz,  
xa moyada,  
tarte ceibe  
nel alto del torqueiro.

Namáis miro  
pasiar á lluz  
gris nel barruzo,  
axeito.

*Trabatelo 4 (2013)*



CONCHITA  
ÁLVAREZ  
LEBREDO

Vigo (1970)

---

*Na palma da túa mao* (Trabe, 2020)



**N**el alpende del tou colo  
fun fendo nío  
cos garabuyos dos días.  
Fun amañando goxos de bioco  
y unha casa alta y transparente  
con un lume medradizo  
pra queimar os medos todos.  
Fun fendo un berzo  
acubiyador y caliente  
pr'arrolarme día y noite  
feliz y desentendido,  
sin decatarme de que, condo volva a ser crianzo,  
nun vas tar tu que m'aneines,  
nin el lume,  
nin berzo, nin casa,  
nin goxos, nin alpende.  
Xa nun vai tar el tou colo milagreiro,  
el colo meu,  
el colo noso.

*Trabatel 9 (2018)*



ARTURO ÁLVAREZ  
FERNÁNDEZ,  
*TANGUEIRO*

As Campas, Castropol (1973)

---

*Volta de paso* (Suburbia, 2009)



## AS ZACONELAS

T  
eño el corazón chen  
de zaconelas sedentarias  
que borraron d'un plumazo  
aquehos latidos de rubién  
qu'os tous abrazos atizaban.  
Teño recordos carpinteiros  
que m'aluman tatabeyos  
os olores da túa nuca, del tou pelo,  
condo al ougido che decía:  
«tu es a que busco,  
tu es a que quero».  
Teño a realidá dolente  
dicindo que te fuche pa sempre,  
qu'a morte te levóu  
y nunca volveréi a terte,  
qu'as zaconelas se quedan  
y el rubién nun prende.

*Trabatel 10 (2019)*



# MARÍA JOSÉ FRAGA SUÁREZ


El Franco (1974)

---

*Terra de pataricos* (Secretaría Llingüística  
del Navia-Eo, ALLA, 2007)

*Han a ser cinza* (Secretaría Llingüística  
del Navia-Eo, ALLA, 2010)

*Equipaxe de mao* (Secretaría Llingüística  
del Navia-Eo, ALLA, 2020)



**E**ntróume un pedazo de realidá nun oyo  
y nun para de chorar  
nun hai romedio  
díxome a médica únicamente  
ten muito cuidao  
pra que nun me pase igual nel outro oyo.

Hai días como el d'hoi  
nos que nun fago más que refregar nél  
peró nun acabo de ver claro  
y a miopía yúa presbicia en mantellas  
tampouco nun axudan muito.

Sin embargo nun hai  
peligro de cegueira nese oyo.

Xa veremos nel outro.

*Trabatel 7 (2016)*



ANA  
VEGA

Uviéu (1977)

---

*Al xeito del tambor* (Trabe, 2013)



Inda podo dicir:  
a terra.  
Y tamén:  
el mar.  
Pro nun sei xa cómo dicir:  
a casa.  
Perdín as palabras  
más importantes pra min  
y agora teño qu'escribillas  
na terra d'asfalto.

*Trabatel 8 (2017)*



RICARDO SAAVEDRA  
FERNÁNDEZ-COMBARRO

Uviéu (1977)



## ESPEYO MOURO

(Playa de Pormenande, febreiro del 2016)

**S**i de verdá namás un home fose  
quén a vencer a outro home, un alento  
a outro alento distinto, por qué este  
coro d'espanto, este acto único

de traxedia invariable, cicatriz  
en abertal. A qué el carbón perpetuo  
na galería callada dos árboles,  
cruces feitas cua cinza da solombra

que s'acordan da súa  
derrota  
—úa queima a outra queima—, que recordan.  
Si inda con molle mao el aire cose

el traxe afumacao da lluz, en sí  
soño cautivo, venda ruin da terra  
enxuita. A qué negar esta acuarela  
de pinceladas quietas, condo nada

acó escapa á ficción de ser sin fin  
fumo marello, tecla enferma, eco.  
Si inda nel arribada as llapas velan  
a caxa fundida del tempo


y el augua ten dende aquel día  
este color tan mouro.

*Trabatel 7 (2016)*



MIGUEL  
IGLESIAS  
VARELA

Maidenhead, Reino Unido (1977)



## DESGRACIA ESISTENCIAL


D esgraciado el home que nun s'atopa a él mesmo  
nin en si mesmo nin fóra  
porque el home que ten dudas  
nun atopa nunca certezas  
y el que ten certezas  
chéiralle el alma a ignorancia.  
El que nun cre en nada  
morre sentíndose baleiro,  
el que ten algo nel que crer  
tenlle medo ás súas deidades.  
Al que lle falta algo fai por encontralo  
y el que xa lo encontróu  
acotora na quietú da innecesidá.  
Al que lle falta un cantelo de pan  
ten que vender os dentes,  
os mercaderes de dentes  
nun saben faer a fornada de pan.  
Desgraciado, tamén, el home que s'atopa a él mesmo,  
porque se lo fai namáis fora de si mesmo  
dexóbase acabando sendo nada nel todo,  
e se lo fai namáis dentro de sigo mesmo  
por afogarse na claustrofobia da simpleza.  
El home vive nos camíos da súa vida e das outras vidas,  
benaventurados aquellos que los atopan  
sin ter qu'arroubar os camíos dos outros,  
anque nun hai home que poda andar pola vida  
que nun atrolle el camín por onde pisaron os máis.

*Trabatel 10 (2019)*



LUCÍA  
IGLESIAS  
GÓMEZ

Teixeira, Samartín d'Ozcos (1979)



## A TISEIRA

Pedra de curvar as miradas.  
Papel de fumar sin lume.  
Tiseira.

Pedra salagre como a xelada en mayo.  
Papel d'envolver despedidas.  
Tiseira.

Pedra d'afilar as palabras mouras.  
Papel cargado d'humidanza.  
Tiseira.

Pedra na que choca a parafusa sin barrena.  
Papel que se retorce en puvisas brancas.  
Tiseira.

Pedra  
Papel  
Tiseira

*Trabatel II (2020)*




MONCHO  
MARTÍNEZ  
CASTRO

As Figueiras, Castropol (1979)

---

*Cartografía de nayundes* (Trea, 2009)



## STEVENSON

Din a volta  
y topéime de frente col Isla del Tesouro.  
Alí taba Long John Silver  
entre as penas y os árboles que brillaban.

¡Ah ! Quén fora sirena  
pra barrancar nas playas de más lonxe.  
Quén fora pirata  
pr'asaltar pola noite os labios da túa ventá.

*Trabatel I (2008)*



MIGUEL  
RODRÍGUEZ  
MONTEAVARO


Bual (1990)

---

*Trenta razóis pra nun medrar* (Trabe, 2010)

*Todos os tristes de mayo* (Trabe, 2013)

*Poemas pr'amantes y paquidermos* (Trabe, 2014)



## AS ANDOLÍAS

Barbuxándome al ougido  
cuntóume que fóra  
taba empezando a orbayar,  
qu'al principio sempre é miudín,  
peró qu'as torbuadas avisán col barruzo.  
Díxome, tamén, pousadamente,  
que marchase, qu'os outros xa lo fían,  
qu'as andolías nun esperan al inverno  
pr'aveirarse y nun marmorecer...  
Peró eu penso y chego á conclusión  
de qu'inda nun foron a sentir  
el frío das mañás de xelada.

*Trabatel 1 (2008)*



ALEJANDRO  
FERNÁNDEZ,  
JANDRO  
*DE QUEITANO*

El Franco (1993)



## RECORDA


Dentro de muitos anos,  
condo teñas mui llonxe,  
y a vida, si é que vives,  
te traiga hasta aquí,  
pensa qu'os días foron  
d'outra manera;  
acórdate da casa  
da figueira, das prantas  
que medran brizas,  
de qu'este xardín, hoi,  
ofréceche el sou acougo.  
Acórdate da lluz  
qu'arroupa y acariña, del sosego  
que ch'axuda coa súa brancura  
máis alló das fronteiras del edá.

*Trabatel 9 (2018)*



INMACULADA  
MÉNDEZ  
FREIJE

Castriyón, Bual (1994)



## SIN HERBA

Baños de carqueixas  
d'entre esfaraguyadas lleirosas  
enreizan aguacentas panqueixas  
y cofan os montes con brisas de cellergas.  
Olas de saliva y salmoira  
entre torbuadas y barruzos  
enxugan as veiras de prayas de garabuyos  
y encetan os pés con chuchos.  
Os caldellos del brao  
con cada rayola y escarabañola  
enchen y moyan as maos  
con llangañas de soledá y llouxa.  
Berran os oyos palabras que choran os beizos:  
pérdote, pérdesme, perdémonos.  
Subindo y baxando –al noso xeito–  
¡quén sabe se dalgún día nos atoparemos!

*Trabatel II (2020)*



# CHRISTIAN LANZA

Andés, Navia (1995)



Entre a noite y el día poden verse,  
se allumamos ben coa imaxinación,  
as estrellas voltiándose d'espaldas  
condo parpadían  
y a llúa índose axeito como úa raposa  
hasta que noutra llareira pousada atopa.

*Trabatel 4 (2013)*



## ÍNDIZ

Al aveiro d'un trabatel .....	7
Manuel García-Galano	
Empantainado .....	11
Luisa Méndez Fernández	
Dende llonxe .....	15
Alfredo Álvarez de Ponticella	
Deixái que se sintan .....	19
María Teresa López García	
Promesas .....	23
Babel de Cal Cadete	
Augua .....	27
Belén Rico Prieto	
Sala del Silencio, Sala da Pacencia, Pacencia Infinita: Luz .....	31
Aurora Bermúdez Nava	
Lliberación .....	35
Xosé Miguel Suárez Fernández	
Augua mansa .....	39
Fredo de Carbexe	
A lluz nel barruzo .....	43
Conchita Álvarez Lebreiro	
<i>Nel alpende del tou colo</i> .....	47
Arturo Álvarez Fernández, <i>Tangueiro</i>	
As zaconelas .....	51
María José Fraga Suárez	
<i>Entróume un pedazo de realidá nun oyo</i> .....	55

Ana Vega	
<i>Inda pudo dicir:</i> . . . . .	59
Ricardo Saavedra Fernández-Combarro	
<i>Espeyo mouro</i> . . . . .	63
Miguel Iglesias Varela	
<i>Desgracia esistencial</i> . . . . .	67
Lucía Iglesias Gómez	
<i>A tiseira</i> . . . . .	71
Moncho Martínez Castro	
<i>Stevenson</i> . . . . .	75
Miguel Rodríguez Monteavaro	
<i>As andolías</i> . . . . .	79
Alejandro Fernández, <i>Jandro de Queitano</i>	
<i>Recorda</i> . . . . .	83
Inmaculada Méndez Freije	
<i>Sin herba</i> . . . . .	87
Christian Lanza	
<i>Entre a noite y el día poden verse,</i> . . . . .	91





GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS